

---

# OCUPA A ECONOMÍA CUESTIONANDO O CAPITALISMO

Texto de RICHARD WOLFF e DAVID BARSAMIAN

Tradución de ÁNXELO GONZALVES

Deseño de MARC TAEGER

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20 cm. 184 páx. 12 €.

ISBN 978-84-15250-59-3. Faktoría K de Libros. Ágora K.

*...Cuestionar e criticar o capitalismo é tabú e é tratado polas autoridades federais, axentes de inmigración, policía e a maioría do pobo, en xeral, coma se se tratase dun acto de traizón. Un silencio imposto polo medo substituíu a sa e necesaria crítica sen a que todas as institucións, sistemas e tradicións se transforman en dogmas, dexeneran en rixideces sociais ou cousas peores. Protexido de crítica e debate, o capitalismo nos EUA puido permitirse exhibir os seus máis escuros impulsos e tendencias. Ningunha evidencia pública, crítica ou movemento social puido interporse no camiño do sistema a pesar da súa progresiva deriva cara á iniquidade, a ineficacia e a opresión...*

“Ocupa a economía” presenta unha análise completa e fonda da intensa crise que o sistema capitalista atravesou desde os últimos anos da primeira década do século XXI. Os autores abordan o tema nun rexistro accesíbel e informal e desenvolven un ameno diálogo poboado de exemplos clarificadores para mostrar as verdadeiras orixes da desigualdade económica.


As orixes da crise económica nos Estados Unidos e a súa extensión ao resto do mundo; a resposta do movemento Ocupa Wall Street e a historia das ideas socialistas nos Estados Unidos; as profundas deficiencias estruturais do sistema económico capitalista e as súas consecuencias na vida das persoas; as alternativas para o futuro... son algúns dos temas que abordan nesta obra o experto economista Richard Wolff e o xornalista David Barsamian, coñecido internacionalmente como habitual entrevistador de Noam Chomsky.

---

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

comunicacion@faktoriakdelibros.com

---



- 
- **Temática:** diálogo entre os autores sobre a crise do sistema capitalista.
  - **Idade recomendada:** lectores adultos.
  - **Aspectos destacables:** movemento Ocupa Wall Street; da colección Ágora K, na que tamén se publicou “Indignádevos!”, de Stéphane Hessel, e a obra “A revolta dos indignados” (VV.AA.).
- 

## Richard Wolff

(EUA, 1942)

Profesor emérito de Economía na Universidade de Massachusetts. Tamén impartiu clases no Programa de Asuntos Internacionais da New School University de Nova York. Wolff ensinou Economía na Universidade de Yale, na City University de Nova York e na Sorbona de París. Ademais, Wolff presenta o programa de radio «Economic Update» na emisora WBAI da cidade de Nova York. Entre outras obras publicou «Capitalism Hits the Fan: The Global Economic Meltdown and What to Do About It». Escribe habitualmente para The Guardian, Truthout.org e MRZine. [www.rdwolff.com](http://www.rdwolff.com)

## David Barsamian

(EUA, 1945)

É un dos xornalistas de máis proxección de Norteamérica, renovou o panorama dos medios independentes co seu programa semanal Alternative Radio, iniciado en 1986. É autor de numerosos libros xunto a Noam Chomsky, Howard Zinn, Tariq Ali, Edward Said, Eqbal Ahmad e Arundhati Roy. Os seus artigos e entrevistas aparecen en «Progressive», «Z», «The Sun» e outras revistas e xornais. [www.alternativeradio.org](http://www.alternativeradio.org)